

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE FEBREIRO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribeira de Piquín dun treito da estrada provincial LU-P-5403.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante un acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de ordenadores portátiles para centros educativos no marco do Proxecto Abalar (expte. AMT-2021-0031), por un valor estimado de vinte e un millóns de euros (21.000.000 €)
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante un acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de ordenadores persoais para centros educativos no marco do Proxecto Abalar (expte. AMT-2021-0032), por un valor estimado de doce millóns douscentos mil euros (12.200.000 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para a realización de actividades de formación en lingua galega para o ano 2021, por un importe total de cento cincuenta e nove mil douscentos dezaseis euros con sesenta e dous céntimos (159.216,62€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e para eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas), e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2021 e 2022, por un importe total de cinco millóns cincocentos cincuenta mil euros (5.550.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores no concello de Lalín (expediente 12/2021). Importe de licitación: novecentos dez mil catrocentos corenta e oito euros con setenta céntimos (910.448,70€). Valor estimado: cinco millóns douscentos tres mil catrocentos corenta e dous euros con sesenta e catro céntimos (5.203.442,64€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe balance sobre o Plan director do Camiño 2015-2020.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a presentación do Polo para a transformación de Galicia á manifestación de interese convocada polo Ministerio de Industria no marco dos fondos europeos Next Generation, así como o acordo para a creación, por proposta do Comité de expertos económicos, dun mecanismo de colaboración público-privada para o desenvolvemento dos proxectos recollidos nesta iniciativa.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia dirixidas a fomentar e apoiar os compromisos das entidades locais en acción climática e Axenda 2030

CONSELLERÍA DE SANIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre subministración dun equipo de ultrasóns de alta frecuencia focalizado (HIFU) guiado por resonancia magnética, con destino ao Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da 7ª adquisición de bens, contratación de servizos e pequenas obras para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de trescentos noventa e nove mil cincocentos corenta e un euros con catorce céntimos (399.541,14 €) na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da covid-19 na área sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (probos PCR, probos rápidas de detección, medios de toma de mostras e transporte de mostras virais, reactivos auxiliares e material de microbioloxía e bioquímica), para tratamento da enfermidade (equipos, tubuladuras e máscaras para equipos respiratorios), así como elementos de protección individual (batas, máscaras, luvas), por importe de dous millóns cento vinte cinco mil seiscentos cincuenta e un euros IVE incluído (2.125.651 €).
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia das adquisicións urxentes de bens e materiais, contratación de servizos e realizacións de pequenas obras para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de un millón trescentos corenta e cinco mil novecentos setenta e sete euros con sesenta e catro céntimos (1.345.977,64 €) IVE incluído, na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a área sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe dun millón catrocentos corenta e nove mil oitocentos corenta e nove euros e corenta e tres céntimos (1.449.849,43 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas destinadas ao impulso á boa gobernanza nas comunidades de montes veciñais en man común.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe da participación de Intecmar na Rede Temática de Excelencia Net4Sea.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a dotación e mellora de instalacións aboiantes nos peiraos autonómicos de Galicia.





O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA OS NÚCLEOS DE SANTALLA E PIQUÍN

- *Trátase da totalidade da estrada LU-P-5403, de algo máis de 1 km de lonxitude, que comeza na vía provincial LU-P-5401 e remata no núcleo de Piquín*
- *Con esta transferencia o Concello asume a xestión e conservación desta vía*
- *O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribeira de Piquín da estrada provincial LU-P-5403, que ten o seu comezo na vía provincial LU-P-5401, en Santalla, e remata no núcleo de Piquín.

O Concello de Ribeira de Piquín solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión da totalidade desta vía provincial, de algo máis de 1 km de lonxitude.

A Deputación dá a súa conformidade á transferencia da titularidade desta vía provincial, que presenta un estado xeral bo, así como firme asfaltado na súa totalidade, non contando con beirarrúas e si con beiravía.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Ribeira de Piquín terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa xestión e conservación.

O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre Concello e Deputación.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Ribeira de Piquín todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

O PLAN DE INFRAESTRUTURAS DIXITAIS DA XUNTA REFORZA A DOTACIÓN PARA DOCENTES CON 55.000 EQUIPOS FIXOS E PORTÁTILES

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a adquisición deste equipamento destinado ao profesorado e a espazos docentes*
- *É a segunda medida do Plan EDU100, que xa ten en marcha a extensión do libro dixital ata 4º da ESO*
- *Tamén completará progresivamente a dixitalización de todas as aulas públicas, incluíndo as de 1ª a 4º de primaria*
- *Ademais, prevé ampliar a conexión wifi ao 100% dos espazos docentes dos centros públicos, dotar todos os centros de conexións simétricas de 500 Mbps e reforzar os sistemas no ámbito educativo*

A Xunta pon en marcha unha nova medida do Plan de infraestruturas dixitais EDU100 destinada a reforzar o equipamento para o profesorado e os espazos docentes dos centros educativos públicos. Con este obxectivo, o Consello do Goberno galego autorizou hoxe dous contratos marco que permitirán a adquisición de ata 55.000 equipos fixos e portátiles durante os vindeiros dous anos por un importe máximo de 40,1 millóns de euros.

Esta medida súmase ás que xa ten en marcha o Plan EDU100 para estender a iniciativa E-Dixgal aos cursos de 3º e 4º da ESO en dous anos coa adquisición de 45.000 ultraportátiles para o alumnado e do equipamento necesario para a dotación doutras 2.000 aulas E-Dixgal.

100% de aulas dixitais, wifi e conexións de 500Mbps

O Plan recolle, ademais, outras medidas que se irán poñendo en marcha progresivamente. Unha delas é a dixitalización das aulas de 1º a 4º de primaria coa dotación de equipamento interactivo para acadar en dous anos o 100% de aulas públicas dixitalizadas. A día de hoxe todas as aulas de centros públicos de 5ª de primaria a 2º de bacharelato son dixitais.

En canto á conectividade, o Plan abordará a extensión da wifi ao 100% dos espazos docentes de centros públicos e dotará de conexións de internet simétricas, de polo menos 500Mbps, todos os centros educativos públicos. Ademais, reforzaranse as plataformas dixitais do ámbito educativo para garantir con éxito o crecemento estimado nos próximos anos, tanto en volume de usuarios como de uso intensivo dos sistemas de información.

34.000 alumnos con libro dixital este curso

Neste curso 2020/21 son xa 470 os centros integrados na iniciativa E-Dixgal e 34.000 os alumnos que estudan con libro dixital equipados con portátil e con acceso on e off line

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

á plataforma virtual EVA, onde teñen á súa disposición o contido curricular completo de cada curso.

Ademais, alumnado, profesores e familias teñen á súa disposición o servizo de soporte Premium para facilitar a resolución de dúbidas e incidencias as 24 horas os 7 días da semana e un paquete de recursos dixitais; como un portal específico sobre a iniciativa, espazoAbalar e unha aplicación, abalarMobil, que lles permite ás familias o seguimento da actividade educativa dos seus fillos.

A estes recursos súmanse diferentes plataformas e aplicacións que facilitan o ensino dixital, como se demostrou durante o período de confinamento, en que o seu uso foi intensivo como as aulas virtuais dos centros ou o servizo de videoconferencia.

A transformación dixital das aulas en Galicia comezou en 2010 coa posta en marcha da iniciativa Abalar, na cal se levan investido máis de 100 millóns de euros na dixitalización de todas as aulas de 5º de primaria a bacharelato; na mellora da conectividade nos 1.200 centros educativos públicos de primaria e secundaria, que contan con conexións superiores aos 100 Mbps, na adquisición de equipamento, contidos dixitais e implantación de novos servizos e canles de comunicación en liña.



A XUNTA CONVOCA 31 CURSOS DE FORMACIÓN EN GALEGO CON MÁIS DE 700 PRAZAS DIRIXIDOS A PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

- *Impartiranse máis de 2.300 horas en accións formativas relacionadas coa linguaxe administrativa e xurídica en modalidade de teleformación*
- *O Goberno galego incrementou nun 23% a oferta desta formación específica desde o ano 2016, tempo en que se formaron máis de 3.500 empregados públicos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) mediante o cal se impartirán 31 novos cursos. Serán 26 de linguaxe administrativa galega e cinco máis de linguaxe xurídica galega, de nivel medio e superior, dirixidos a persoal da Administración pública. En total, ofreceranse 775 prazas e a Xunta investirá preto de 160.000 euros nestas formacións en 2021.

O Goberno autonómico continúa así reforzando a capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración, cuns cursos que desde 2016 formaron un total de 3.555 profesionais e nos cales a Xunta leva investidos máis de medio millón de euros. No seu compromiso por reforzar cada vez máis estas competencias e dar resposta ao Plan xeral de normalización da lingua galega, o número de prazas que ofrece a Xunta nesta formación incrementouse un 23% nos últimos anos.

Este ano os cursos constarán de 2.325 horas de formación en galego na súa totalidade. Cada un terá unha duración de 75 horas e impartiranse en teleformación. A EGAP realizará a programación específica, de acordo coas necesidades de formación do persoal, e determinará as localidades, horarios, lugares e modalidades en que se impartirán. Así mesmo, encargárase da selección do alumnado, que recibirá un certificado unha vez superado o curso. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado encargado de impartir os cursos e resolverá as reclamacións que se presenten, logo do informe da comisión técnica constituída no devandito departamento.

Para acceder ao curso de nivel medio cómpre contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria. No caso de querer acceder a un curso de nivel superior, o interesado deberá contar co curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes. O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 25. No caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselles a quen non obtivese praza na selección inicial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega darán formación específica aos traballadores públicos na súa lingua de especialidade, o que implica un maior afondamento en aspectos gramaticais e léxicos específicos, así como en cuestións de redacción e estilo a partir do traballo coa documentación administrativa propia de cada nivel, tanto na oralidade coma na escrita.

Con esta formación específica en galego, a Xunta busca actualizar e formar o persoal para que incremente a competencia técnica nesta lingua e garantir o emprego dun galego de calidade e dunha linguaxe clara coa cidadanía a prol dun avance na normalización lingüística do galego desde o ámbito da Administración, tal e como sinala o Plan xeral de normalización da lingua galega.



A XUNTA GARANTE A CUALIFICACIÓN DE 5.000 PERSOAS OCUPADAS A TRAVÉS DE 500 CURSOS NO NOVO PLAN DE FORMACIÓN DOTADO CON 5,5M€

- *O Consello aprobou hoxe as bases para a concesión de axudas no marco do Plan de formación para o emprego dirixido a 5.000 persoas traballadoras ocupadas e procede á súa convocatoria para os exercicios 2021 e 2022*
- *A Xunta adopta medidas flexibles para o normal desenvolvemento das 500 accións formativas estimadas, no marco do escenario e a situación laboral actual*
- *A teleformación e a aula virtual incorpóranse como novas modalidades de formación*
- *O Plan ábrese á participación de ata un 30% de persoas desempregadas e inclúe como beneficiarias ás traballadoras e traballadores en ERTE*
- *Novos instrumentos acreditarán o control de presenza do persoal docente e do alumnado con garantías para a súa saúde*

O Consello da Xunta de Galicia deu o visto e prace á convocatoria e ás bases que rexerán o Plan de formación para o emprego, dirixido con preferencia ás persoas traballadoras ocupadas cun orzamento, para 2021 e 2022, de 5.550.000 euros. Grazas a el, un total de 5.000 galegas e galegos poderán optar a uns 500 cursos que se realizarán ata o 30 de novembro de 2022.

As accións formativas diríxense prioritariamente ás persoas ocupadas. Para os efectos da nova orde, que adapta ao novo contexto laboral, adquiren esa condición tamén as traballadoras e traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) ou por expedientes de regulación de emprego (ERE) por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

Os cursos están abertos ademais ás persoas asalariadas que presten os seus servizos en empresas ou en entidades públicas, aos traballadores fixos discontinuos en períodos de non ocupación, ás persoas que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo ou a empregados ou socios de entidades da economía social e persoas traballadoras autónomas, entre outros.

A formación, que contará cun orzamento de 3 millóns de euros para este ano e 2,5 millóns para 2022, reserva un máximo do 30% das prazas de cada unha das actividades para persoas desempregadas, e do 10% para persoal ao servizo das administracións públicas e outro 10% para traballadores das entidades de economía social.

Como outras novidades, adoptaranse medidas flexibles ante a actual situación de pandemia e incorporaranse a teleformación e a aula virtual como modalidades. Tamén



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

se autorizan novos instrumentos que acrediten o control de presenza do persoal docente e do alumnado garantindo a saúde dos participantes.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Poden acceder a elas, por unha banda, entidades privadas de formación acreditadas para conceder o correspondente certificado de profesionalidade e, por outra, centros de formación de especialidades non dirixidas á súa obtención.

As axudas permitiránlles aos centros beneficiarios afrontar os custos directos e indirectos da actividade formativa. É dicir, os fondos recibidos poden destinarse a sufragar os salarios do persoal docente, amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, alugueiro de aulas, seguro, transporte, manutención, avaliación da formación ou auditorías. Tamén poden cubrir o salario do persoal de apoio, custos financeiros ou gastos correntes de electricidade, auga, telefonía, calefacción, limpeza ou correo, sempre que estean asociados ás actividades de cualificación.

Con cargo á presente convocatoria financiaranse programas de formación transversal que favorezan a mobilidade intersectorial dos traballadores e tamén actividades dirixidas a que os alumnos vexan acreditada a súa cualificación profesional e obteñan os correspondentes certificados

Con estas actuacións, a Xunta pretende garantir o dereito á formación das persoas traballadoras prioritariamente ocupadas, atendendo aquelas necesidades non cubertas pola formación programada polas empresas.



A XUNTA RENOVA A CONTRATACIÓN DE 49 PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIA NO CONCELLO DE LALÍN POR UN IMPORTE DE 910.000 EUROS ANUAIS

- *O contrato será prorrogable ata un máximo de cinco anos*
- *Do total de prazas, 39 irán destinadas a persoas maiores en situación de dependencia e as 10 restantes a usuarios sen grao de dependencia recoñecido*

O Consello da Xunta informou hoxe da renovación de 49 prazas públicas en residencias de maiores do concello de Lalín, á cal destinará un importe anual de 910.000 euros. Na actualidade, o Goberno galego conta con 148 prazas concertadas neste municipio repartidas entre dous centros residenciais.

A duración do contrato será inicialmente dun ano, prorrogable ata un máximo de cinco. O orzamento base de licitación para o primeiro ano será de 910.000 euros, mentres o valor estimado do contrato para as cinco anualidades ascende a 5,2 millóns de euros.

Das 49 prazas que saen agora a licitación, 39 irán destinadas a persoas maiores en situación de dependencia, e as 10 restantes a usuarios sen grao de dependencia recoñecido.



O PLAN DIRECTOR E ESTRATÉXICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO ACADA XA UN NIVEL DE CUMPRIMENTO SUPERIOR AO 80%

- *No marco do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 lévanse investidos máis de 67 millóns de euros nas liñas estratéxicas relacionadas coa mellora ou creación de infraestruturas físicas no Camiño*
- *A través desta ferramenta de xestión do Camiño mellorouse o trazado, a infraestrutura de acollida e os servizos aos peregrinos.*
- *O Plan inclúe para este ano actuacións como a mellora do trazado en oito itinerarios, rehabilitacións e creación de novos albergues*

O Consello da Xunta deu conta hoxe dos avances no cumprimento do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, a ferramenta de xestión, planificación e guía que se debe seguir para conservar e protexer o Camiño en territorio galego. O plan amosa un alto grao de cumprimento, superior ao 80%, nas liñas estratéxicas referidas á mellora e á conservación do trazado e das infraestruturas físicas no Camiño, á mellora dos servizos aos peregrinos e ás políticas de sustentabilidade ambiental e protección paisaxísticas, que supuxeron un investimento de algo máis de 67 millóns de euros nestes seis anos de execución.

O informe, que destaca o alto nivel de cumprimento malia as dificultades propiciadas pola pandemia, avalía nun 91% o grao de cumprimento no eixe de actuacións relativas ao Camiño sustentable, nun 84% nas liñas dedicadas ás actuacións de conservación e mantemento do Camiño de Santiago e do 78% nos plans de actuacións relativos á mellora na especialidade e a calidade dos servizos aos peregrinos.

Mellora da infraestrutura de acollida

Esta terceira liña de actuación, que inclúe a mellora e a creación de novos albergues de peregrinos, foi o eixe que máis investimento ocupou no Plan director, algo máis de 33,6 millóns de euros. Este investimento destinouse á creación de 9 novos albergues e a actuacións de mellora noutros 18 o que permitiu incrementar o número de prazas dispoñibles nas diferentes rutas, ademais de implantar melloras na accesibilidade, eficiencia enerxética e creación de novos servizos.

O Plan director tamén inclúe a creación de tres novos albergues en Ferrol, Piñor e Sobrado dos Monxes así como actuacións de mellora noutros catro albergues, que suporán outros 3,2 millóns de euros de investimento neste capítulo ata o remate do actual plan.

Neste capítulo tamén se levaron a cabo actuacións para adaptar os albergues e o traballo dos albergueiros á nova situación derivada da covid-19, actuacións que se traduciron na implantación de medidas no ámbito do no marco do Camiño seguro. Do



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mesmo xeito tamén se avanzou no Camiño cardioprotexido coa adquisición de desfibriladores e se comezou o proceso de certificación deste tipo de aloxamentos coa Q de calidade turística, proceso que culminou en 2020 co recoñecemento dos sete primeiros albergues co selo outorgado polo Instituto para a Calidade Turística de España (ICTE) no ámbito nacional.

Conservación e mantemento

O informe levado ao Consello da Xunta destaca tamén o investimento de máis de 33,2 millóns de euros no eixe dedicado á conservación e mellora do trazado, o que permitiu a implantación dunha sinalización homologada, a creación de áreas de descanso para peregrinos e de pasos peonís seguros así como a adaptación con criterios de accesibilidade aos diferentes elementos do Camiño. As actuacións nesta eixe completaranse con novas actuacións previstas ao longo deste 2021 que abarcarán mellora en sendeiros e estradas de 139 concellos en oito itinerarios.

Camiño máis sustentable

Finalmente, a liña en que se avanzou nunha porcentaxe maior foi a relativa á adaptación do Camiño a criterios de accesibilidade, eficiencia enerxética e coidado ambiental, que foi un dos grandes eixes de actuación deste plan director, que incorporaba por vez primeira este criterio de actuacións co obxectivo de avanzar no desenvolvemento dun Camiño social e ambientalmente sustentable.

Esta liña de actuacións supuxo un investimento de algo máis de 250.000 euros que permitiron adaptar as infraestruturas de acollida e os puntos e centros de información ao peregrino ás necesidades do camiñante do século XXI. Con estes criterios leváronse adiante actuacións como o Plan de xestión integral ambiental – que incluíu actuacións na xestión de residuos, recursos hídricos ou enerxéticos- e o Plan de accesibilidade turística do Camiño, que incluíu a implantación de sinalización accesible e de novas tecnoloxías nos albergues.



A XUNTA IMPULSA DA MAN DE 30 EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS O POLO PARA A TRANSFORMACIÓN DE GALICIA, QUE INCLÚE OITO PROXECTOS QUE OPTAN AOS FONDOS EUROPEOS

- *Galicia presenta esta iniciativa á manifestación de interese convocada polo Ministerio de Industria no marco dos fondos Next Generation, coa que prevé xerar preto de 30.000 empregos e mobilizar inicialmente 3300M€*
- *O plan para a recuperación da terra agraria súmase a este Polo no que, entre outros proxectos, están incluídos tamén a fabricación de fibras téxtiles a partir de viscosa, unha planta para o impulso da economía circular e a produción de hidróxeno verde*
- *Buscan dar unha resposta aos retos da transición ecolóxica, xusta e dixital, así como á loita contra o despoboamento e reto demográfico*
- *Benefician especialmente a pemes e autónomos, xa que o Polo afonda nas cadeas de valor de sectores estratéxicos da economía galega, como as enerxías renovables, o primario, forestal, téxtil, a loxística e a I+D+i*
- *O Consello da Xunta tamén acorda crear, a proposta do Comité de expertos económicos, un mecanismo público-privado encargado de acelerar o desenvolvemento e a tramitación administrativa de proxectos empresariais recollidos na candidatura galega final que opte aos fondos europeos*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá os novos pasos realizados para avanzar no impulso ao Polo para a Transformación de Galicia, unha iniciativa de colaboración público-privada que agrupa oito proxectos cos que optar aos fondos europeos e crear 30.000 empregos entre directos e indirectos.

En concreto, o Goberno galego, xunto con 30 empresas e centros tecnolóxicos presentou este Polo á manifestación de interese convocada polo Ministerio de Industria no marco dos fondos Next Generation. A Xunta quere así impulsar esta iniciativa que cumpre cos principais retos do contexto actual fomentando a transición ecolóxica, xusta, dixital e a loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

Dentro do Polo, inclúense catro proxectos tractores. En concreto, trátase dun centro para o impulso da economía circular co obxectivo de xestionar 2,6 millóns de toneladas de residuos ao ano; a xeración de hidróxeno verde a partir de enerxías renovables con, por exemplo, unha planta nas Pontes; a xestión sustentable dos bosques galegos a través da produción de fibras téxtiles a partir de viscosa nunha planta con capacidade de 150.000-200.000 toneladas anuais; e o desenvolvemento de nova potencia renovable (eólica e enerxía solar) para abastecer os proxectos anteriores.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

De maneira adicional, o Polo abrangue tamén catro iniciativas transversais. É o caso da creación de cadeas loxísticas, un centro de investigación e innovación e a posta en marcha de laboratorios dixitais. Como novidade, súmase a estes proxectos transversais un plan para a recuperación da terra agraria, que ten como obxectivo fomentar a actividade económica do sector primario e a bioeconomía, rehabilitar 2000 edificios en 200 aldeas galegas e facilitar a posta en cultivo de 18.000 hectáreas de terra abandonada no rural galego para usos agrícolas, gandeiros ou forestais.

A través de todos estes proxectos incluídos no Polo para a Transformación de Galicia agárdase mobilizar, inicialmente, un investimento público-privado de 3300M€, crear preto de 30.000 empregos –entre directos e indirectos– e reducir as emisións de CO2 en 2,9 millóns de toneladas ao ano. O obxectivo é que os primeiros proxectos se poidan poñer en marcha en 2023. Están deseñados tendo en conta as características e recursos da Comunidade co obxectivo de impactar en diferentes cadeas de valor e, especialmente, en pemes e autónomos dos sectores da transformación de residuos, sector enerxético –especialmente, enerxías renovables–, I+D+i, téxtil, loxística, sector primario e bioeconomía ou forestal.

Preténdese así fortalecer a posición competitiva de Galicia fronte aos retos da economía circular e a transición enerxética, converter Galicia nun referente da transición ecolóxica xusta, incrementar a capacidade de xeración renovable e xerar emprego local. Polo tanto, contribuirá ao crecemento económico, á creación de emprego e á mellora competitiva da economía galega e suporá unha oportunidade de negocio, unha oportunidade ambiental e unha oportunidade social.

Colaboración público-privada

O Consello da Xunta acordou tamén seguir as recomendacións do Comité de expertos económicos e crear un mecanismo público-privado encargado de acelerar a tramitación administrativa e o desenvolvemento de proxectos empresariais vinculados á candidatura galega final que opte aos fondos europeos.

Neste sentido, o novo instrumento de colaboración público-privado poderá aplicarse no Polo para a Transformación de Galicia. De feito, permitirá levar a cabo unha xestión totalmente profesionalizada do mesmo, para apoiar e impulsar os proxectos que xa están incluídos baixo o seu paraugas.

As funcións deste mecanismo serán validar a estratexia integrada no seu conxunto, e de cada un dos proxectos tractores; impulsar, no momento inicial, o desenvolvemento dos proxectos garantindo unha visión integrada; asegurar a xestión coordinada a curto prazo; dinamizar as accións para a captación de fondos; confirmar a xeración e captura de sinerxías; garantir a incorporación de mellores prácticas no desenvolvemento doutros proxectos estratéxicos de similares características en países europeos; e procurar a participación das iniciativas das pemes galegas.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais do Polo, Galicia xa presentou outras iniciativas ás manifestacións de interese que, ata o de agora, lanzou o Goberno. Neste sentido, Galicia segue agardando a que o Goberno estableza cales serán os criterios para a selección e o reparto dos fondos. Desde a Administración galega demándase a cogobernanza na xestión dos recursos e uns criterios de reparto obxectivos e transparentes que teñan en conta, ademais, factores como o despoboamento, o envellecemento da cidadanía, a dispersión xeográfica, a transición dixital e ecolóxica, ou os niveis de renda per cápita.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



MÁIS DUN CENTENAR DE CONCELLOS GALEGOS ADHERIDOS AO PACTO DOS ALCALDES PODERÁN OPTAR A AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE ACCIÓNS PARA O CLIMA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará por segundo ano consecutivo esta liña de incentivos dotada cun orzamento de case 600.000 euros para o presente ano*
- *As axudas están destinadas a sufragar a elaboración de plans de accións para o clima e a enerxía sustentable, co fin de axudar os concellos e outras entidades locais a cumprir os obxectivos de mitigación do cambio climático*
- *O importe das axudas varía en función da poboación, polo que poden chegar ata os 20.000 euros para os concellos con máis de 100.000 habitantes*
- *A Xunta aposta por reforzar o papel da Oficina do Pacto dos alcaldes xa que asumirá as tarefas de difusión e coordinación dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, coa finalidade de aproveitar as sinerxías de ambos proxectos*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá o contido relativo ao Informe da Orde de axudas dirixidas a entidades locais co fin de que elaboren plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACE), cos cales planificar e adoptar medidas que apoiem e mitiguen a loita contra o cambio climático desde a perspectiva local. Trátase da segunda ocasión en que a Xunta establece este tipo de incentivos que están dirixidos aos concellos galegos, ás entidades supramunicipais e ás agrupacións de entidades locais, que se atopen formalmente adheridos ao Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía, antes da solicitude da axuda.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicará este mesmo mes esta orde de axudas no *Diario Oficial de Galicia*, en réxime de concorrencia non competitiva e que están co financiadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Así, todos os concellos adheridos ao Pacto dos alcaldes desde o 15 de xuño de 2020 e mais os que se poidan adherir tras a publicación desta segunda convocatoria son os beneficiarios directos desta liña de incentivos, dotada con 580.000 euros, con que poder sufragar máis dun centenar de PACE no caso de que todos os posibles beneficiarios soliciten a dita axuda.

Un plan de acción para o clima e a enerxía sustentable consiste nun inventario de referencia de emisións (IRE), unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático; polo que a liña de incentivos que lanza a Consellería de Medio



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ambiente sufragará os traballos de asistencia técnica para a súa elaboración, sempre e cando -segundo requisito da orde de axudas- non estea redactado nin aprobado.

Deste xeito, os concellos integran a loita contra o cambio climático como unha das variables que deben ter presente na definición das súas políticas, tanto para reducir os gases de efecto invernadoiro e mellorar a eficiencia enerxética, como para adaptarse ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o planeta.

Cómpre lembrar que a realización destes plans é un dos compromisos adquiridos polos concellos galegos asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía, onde un dos seus compromisos é que deberán contar cun PACE no prazo de dous anos desde a adhesión. Nese sentido, a Xunta quere apoiar as entidades na súa realización, polo que habilita esta liña de axudas onde a contía variará en función da poboación e que vai dos 3.000 (para concellos de ata 2.000 habitantes) ata os 20.000 euros, para aqueles que superen os 100.000.

Desenvolvemento da Axenda 2030

No ámbito da sustentabilidade ambiental cómpre destacar a Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable, un plan de acción en favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Trátase dunha iniciativa á que -desde a Oficina do Pacto dos alcaldes- se lle dá difusión, por compartir o obxectivo común de mellorar o estado actual da nosa sociedade desde múltiples perspectivas.

Nese sentido, a Xunta destaca o potencial desta oficina como canle de difusión e coordinación de ambos os proxectos; polo que aposta por reforzar o papel da Oficina e aproveitar as sinerxías destas dúas iniciativas.

Deste xeito, a Xunta de Galicia aposta porque a Oficina Técnica do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía asesore tamén os concellos en materia de localización dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030.

Cómpre recordar que a Xunta conta cunha Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, co fin de coordinar e impulsar a acción de todos os departamentos, que integran a Administración galega, na loita contra o cambio climático e pola sustentabilidade. Trátase de garantir e visibilizar as actuacións que se poñen en marcha desde os distintos departamentos, actuacións que deben conformar de maneira coordinada os plans ou programas do Goberno en materia de cambio climático e sustentabilidade ambiental.

A mitigación do cambio climático, unha responsabilidade de todos

Un dos problemas ambientais primordiais a que se enfronta a actual sociedade é o cambio climático, un fenómeno de dimensións globais que debe ser abordado no ámbito internacional. Así, a súa solución pasa necesariamente polo traballo conxunto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de todos os sectores da sociedade, incluídos os diferentes niveis administrativos e, dentro destes, mención especial merece o labor dos concellos pola súa proximidade e relación directa cos cidadáns.

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos alcaldes (*Covenant of Mayors for Climate & Energy*), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar as autoridades locais e os cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.

En Galicia, a Xunta é a coordinadora do Pacto dos alcaldes en Galicia, que puxo en marcha a Oficina Técnica de Coordinación e Asesoramento, constituída en 2018 e activa desde comezos de 2019. Nestes momentos son xa 235 concellos adheridos, o que supón 2.002.879 cidadáns; é dicir, o 75% dos concellos galegos e un 74% da poboación galega.

Así, os concellos adheridos ao Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía fan propios os obxectivos europeos fixados para o ano 2030 como reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40%; mellorar a eficiencia enerxética nun 32.5% e incrementar o uso de fontes de enerxía renovable un 32.5%, traballando pola súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático.

GALICIA CONTARÁ CO PRIMEIRO HOSPITAL PÚBLICO DE ESPAÑA CUN EQUIPAMENTO PIONEIRO NO TRATAMENTO DO PÁRKINSON

- *Estará instalado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e ten un orzamento previsto de preto de 2,5 millóns de euros*
- *Trátase dun equipo de ultrasóns de alta frecuencia focalizado (HIFU) que, cun tratamento de pouco máis de media hora, chega a mellorar a situación clínica dos tremores dos pacientes en máis dun 80% respecto da súa situación previa*
- *Máis de 4.000 galegos teñen párkinson e outros 35.000 sofren tremor esencial*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a adquisición dun equipo de ultrasóns de alta frecuencia focalizado (HIFU) guiado por resonancia magnética, para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). O orzamento destinado a esta compra é de 2.416.370 euros.

Con esta compra, o CHUS vaise converter no primeiro centro público de España en contar con esta tecnoloxía e un dos primeiros de Europa.

A referida contratación responde á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación das sete áreas sanitarias de Galicia afectada por tremor esencial ou párkinson, dúas doenzas de causa neurolóxica moi frecuentes e que poden condicionar unha gran discapacidade e dependencia nos pacientes que as sofren. Son, así mesmo, enfermidades moi prevalentes na poboación, especialmente na de máis idade. O párkinson afecta na actualidade arredor de 4.000 galegos e o tremor esencial a uns 35.000.

Aínda que existen moitos medicamentos para mellorar estas doenzas, nalgúns casos os síntomas non responden a estes tratamentos farmacolóxicos, ou teñen efectos secundarios importantes, polo que é necesaria unha aproximación terapéutica máis avanzada. Isto sucede na metade dos pacientes. Ata hai pouco, a cirurxía era a única opción para o 40-45% dos casos considerados refractarios aos tratamentos convencionais, quedando, polo tanto, un número importante de pacientes que non podían ser tratados, nin con tratamento farmacolóxico, nin con cirurxía.

O tratamento co HIFU permitirá que, cunha sesión duns 30-45 minutos, o paciente poida chegar a notar unha melloría clínica do seu tremor de máis dun 80% respecto a súa situación previa, manténdose a súa eficacia clínica durante polo menos cinco anos. O doente pode ser dado de alta ás 24 horas de recibir o tratamento.

O CHUS é un centro de referencia nacional para o tratamento dos trastornos do movemento, tratando pacientes tanto da Comunidade Autónoma como do resto do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estado español. O centro conta xa cunha resonancia magnética compatible co novo equipamento e cun equipo médico con experiencia nestas técnicas.

A XUNTA DEDICA MÁIS DE 5,3 MILLÓNS DE EUROS PARA AFRONTAR A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS

- *Nesta ocasión o orzamento repártese entre as áreas sanitarias da Coruña e Cee; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Pontevedra e O Salnés; e Vigo e está destinado a adquisición de material, contratación de servizos e realización de pequenas obras*
- *Este investimento xustifícanse dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación, por valor total de 5.321.019 euros, para subministrar material fronte á covid-19 en catro áreas sanitarias. Parte deste orzamento destínase tamén á realización de determinados traballos e servizos.

O maior dos importes, 2.125.651 euros, corresponde a un expediente da área sanitaria de Vigo que recolle a adquisición de material de diagnóstico e para o tratamento da enfermidade, así como equipamento de protección individual. Concretamente, autoriza a compra de 48.142 probas PCR por valor de 1.424.012 euros e de 4.020.000 luvas de protección cun importe de 436.224 euros. Ademais, recolle a compra de material diverso para o Laboratorio de Microbioloxía e Bioquímica por valor de 113.160 euros, medios de mostras e transporte de mostras virais cun custo de 107.416 euros. O resto do orzamento destínase á adquisición de máscaras e batas de protección individual, así como equipos, tubuladuras e máscaras para equipos respiratorios entre outros.

No referido ao segundo dos expedientes, o orzamento é de 1.449.849 euros para a área sanitaria da Coruña e Cee. A meirande parte, 1.073.695 euros, vai destinada a equipamento de protección individual e material para tratar a enfermidade entre o que destaca a adquisición de luvas por valor de 323.148 euros, en batas cirúrxicas e protectoras cun importe de 120.513 euros, ademais de máscaras, luvas, pixamas, desinfectantes, etc. Tamén se recolle unha partida de 374.895 euros a material de diagnóstico, fundamentalmente kits de detección covid-19.

O terceiro dos expedientes aprobados hoxe, cun valor total de 1.345.978 euros atinxe á área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. Desta cantidade, 789.701 euros destínanse a adquisición de material sanitario. O resto do orzamento vai dedicado á compra de material de laboratorio, tarefas de mantemento de equipamento e instalación e reforzo de servizos de limpeza e transporte.

En canto ao expediente restante, recolle un orzamento total de 399.541 euros para a adquisición de material e a contratación de servizos para abordar a pandemia da covid-19 na área sanitaria de Pontevedra e o Salnés. A meirande parte desta cantidade,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

283.580 euros, vai destinada a material sanitario. O resto do orzamento repártese entre material de laboratorio e pequenas obras, fundamentalmente.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que retablece, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.





A XUNTA INVISTE 1,5 M€ NAS PRIMEIRAS AXUDAS PARA IMPULSAR A BOA GOBERNANZA NAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

- *O Consello da Xunta deu luz verde ao informe da Consellería do Medio Rural sobre esta convocatoria pioneira, que se publicará no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días*
- *O obxectivo da orde de achegas é profesionalizar a xestión das CMVMC e sufragar os custos para a consolidación das propiedades que abranguen*
- *Con esta convocatoria dáse cumprimento ás directrices do grupo de traballo do Consello Forestal -no que están representadas as CMVMC- e ao mandato da Cámara galega, sentando así os alicerces do Plan forestal de Galicia*

A Xunta investirá 1,5 millóns de euros nas primeiras axudas para impulsar a boa gobernanza nas comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC), que teñen por obxectivo profesionalizar a súa xestión e sufragar os custos para a consolidación das propiedades que abranguen. Cómpre destacar que estes terreos ocupan máis de 660.000 hectáreas en Galicia, que representan máis do 25% da superficie forestal da comunidade, de aí a importancia de convocar estas achegas. Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural que foi analizado na xuntanza semanal do Consello da Xunta.

Neste senso, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará nos vindeiros días esta convocatoria pioneira con carácter bianual, que subvencionará catro tipos de actuacións. Primeiramente, impulsarase o apoio profesionalizado á xestión forestal, con axudas á xestión administrativa e técnica para o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal (IOXF) aprobados. Tamén se poderá sufragar a certificación forestal do monte ou o seguimento das actuacións relacionadas, como a obtención de permisos administrativos, redacción de proxectos, memorias ou informes, tramitación de axudas públicas ou direccións de obra.

O segundo grupo de actuacións establece achegas para a revisión dos esbozos que recollen os límites dos montes veciñais, xa que unha boa parte deles presentan inexactitudes ou erros cartográficos. Canto ao terceiro e ao cuarto tipo de accións subvencionables, están relacionadas cos deslindamentos parciais entre CMVMC no primeiro caso, e cos deslindamentos parciais entre as comunidades de montes veciñais e propiedades particulares no segundo.

Respecto aos obxectivos da convocatoria, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal persegue a posta en valor dos montes veciñais en man común para contribuír á fixación de poboación no rural, así como a multifuncionalidade destes terreos e o desenvolvemento sustentable dos recursos mediante instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Nesa liña, búscase ademais incrementar o número de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

montes con certificación forestal baixo o sistema PEFC ou o FSC, contribuír á loita contra o cambio climático mediante unha xestión axeitada que fixe mellor o carbono e reduza as emisións á atmosfera e, por último, promocionar as frondosas autóctonas, xa que os montes con este tipo de árbores rexistradas ou en proceso de inscrición terán prioridade para acceder ás axudas.

Cabe sinalar que os montes veciñais en man común constitúen un tipo de propiedade privada de natureza xermánica singular no contexto estatal, localizándose maioritariamente no noroeste de España e, case exclusivamente, en Galicia. Segundo datos do Rexistro de MVMC existen na actualidade 3.312 montes clasificados polos xurados provinciais, que totalizan 664.230 hectáreas, o que dá unha cifra media de 220 ha por monte (rango de 92 a 430 ha, segundo o distrito forestal).

As cifras indican a grande importancia superficial e social deste tipo de propiedade privada e colectiva, aínda que a distribución dos MVMC non é homoxénea nas catro provincias galegas. Así, o 39,2% destes montes sitúanse en Ourense, un 30% en Lugo, o 21,7% en Pontevedra e só un 9,1% na Coruña. Mentres, o número total de comuneiros en Galicia é de 122.734, cunha media de 44 comuneiros por monte.

Con todo, unha porcentaxe próxima ao 10% non dispón de estatutos vixentes e un 34% non ten xunta reitora actualizada. Prodúcese tamén problemas no mantemento actualizado do censo de comuneiros ou na comunicación en tempo dos reinvestimentos, estimándose que un 40,2% dos MVMC non están ao día nesas prácticas de xestión, o que demostra a necesidade desta orde de axudas.

Ademais, cómpre apuntar que no ano 2015 o grupo de traballo creado no seo do Consello Forestal de Galicia presentaba as directrices que debían guiar a revisión do Plan forestal de Galicia e, entre elas, recollíanse medidas para consolidar e mellorar a integración dos montes veciñais en man común. Posteriormente, a Comisión parlamentaria especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia aprobou un ditame onde declaraba 123 medidas concretas, entre as cales se atopaba a de "apoiar a xestión agrupada e profesional dos montes veciñais".

Así as cousas, o documento da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, actualmente en debate no Parlamento de Galicia, estableceu unha medida concreta para dar cumprimento a esta directriz e recomendación redactada. Por último, cabe engadir que o pasado 19 de xaneiro foi aprobada na Comisión 7ª de Agricultura, Gandaría e Montes, e co apoio de todos os grupos parlamentarios, unha proposición non de lei que instaba á Xunta a continuar e incrementar o apoio ás comunidades veciñais de montes a través de distintas liñas de apoio.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Polo tanto, con esta convocatoria, a Xunta cumpre as directrices do grupo de traballo do Consello Forestal -no que están representadas as CMVMC- e o mandato da Cámara galega, sentando así os alicerces do Plan forestal de Galicia.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

GALICIA AVANZA NO ESTUDO DOS CONTAMINANTES EMERXENTES NO MEDIO MARIÑO COA SÚA PARTICIPACIÓN NA REDE DE EXCELENCIA NET4SEA

- *O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) participa nesta alianza público-privada que ten como obxectivo intercambiar coñecementos e experiencias en distintos eidos de investigación para mellorar a información dispoñible sobre esta materia*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o labor realizado polo centro dependente da Consellería do Mar no marco desta rede, na que tamén están representadas institucións académicas galegas como a Universidade de Vigo ou a Universidade de Santiago de Compostela*

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, está a traballar en distintos proxectos co obxectivo de facer un seguimento da presenza de substancias no medio mariño como os aditivos dos microplásticos ou outros contaminantes emerxentes para controlar a súa incidencia nos produtos mariños e protexer e mellorar a calidade do seu medio mariño. Unha finalidade á cal contribuíu en boa medida a súa participación na Rede temática de excelencia Net4Sea, que permitiu acadar avances e novos coñecementos na materia, tal e como recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta.

Esta rede nacional foi creada en 2018 e financiada polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades ante a crecente preocupación social e das administracións públicas pola presenza de substancias contaminantes no ecosistema e ante a necesidade de estudar o seu posible impacto na saúde humana. Con ela implantouse unha estrutura de colaboración público-privada arredor da temática dos contaminantes emerxentes e facilitar a colaboración entre os seus participantes mediante o intercambio de coñecementos e experiencias.

A rede Net4Sea está formada por oito grupos de investigación nacionais entre os cales, ademais do Intecmar, se atopan institucións académicas galegas como a Universidade de Vigo ou a Universidade de Santiago de Compostela, todos eles coordinados pola Universidade das Illas Baleares.

A principal liña de investigación desenvolvida polo Intecmar consistiu na optimización dos métodos de determinación de contaminantes orgánicos no medio mariño, tanto regulados como de preocupación emerxente, co obxecto de ter unha visión máis ampla do estado da contaminación mariña en Galicia.

Neste sentido, entre os fitos acadados polo centro dependente da Consellería do Mar atópase a súa participación en dous proxectos internacionais sobre esta materia, o Nor-Water (contaminantes emerxentes nas augas de Galicia e norte de Portugal: novas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ferramentas para a xestión do risco), que está financiado polo Programa de cooperación Interreg V A España-Portugal (Poctep) 2014-2020, e o Aquasome (avaliación do exposoma de contaminantes emerxentes en ambientes acuáticos), financiado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

O labor do Intecmar nesta rede de excelencia completouse coa participación en tres congresos internacionais sobre esta materia para a presentación dos avances das investigacións, a publicación de cinco artigos científicos sobre o traballo realizado e a súa aplicación á costa galega e a colaboración do persoal do centro en cinco actividades de divulgación e educativas relacionadas con esta problemática.



PORTOS DE GALICIA COMPROMETE NO EXERCICIO 2021 UN INVESTIMENTO DE 7,3 MILLÓNS PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE DISTINTOS PANTALÁNS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar que cifra en máis de 19 millóns de euros o importe das actuacións en instalacións aboiantes desde o ano 2015*
- *Estas melloras reforzan a seguridade dos usuarios dos peiraos así como das súas embarcacións ao tempo que optimizan a operativa portuaria e as condicións de traballo dos profesionais do mar*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia ten comprometido no exercicio 2021 un investimento de 7,3 millóns de euros en dotación e mellora de instalacións aboiantes, pantaláns e prazas de amarre nos peiraos de titularidade autonómica. O Consello da Xunta analizou esta mañá o informe que, ademais, cifra o esforzo investidor nesta materia en máis de 19 millóns de euros desde o ano 2015.

O documento recolle as distintas actuacións previstas e as fases de tramitación administrativa nas que se atopan a día de hoxe. Neste sentido, o informe dá conta do inicio inminente das obras de reordenación da lámina de auga de Ribeira, que suporán a creación de medio cento de novas prazas de amarre. Ademais, están na última fase de contratación, pendentes de adxudicación de contrato, a mellora dos pantaláns de Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubián, a reforma dos pantaláns do Testal, a construción do pantalán de pasaxe e ampliación do da escola de remo de Pontecesures e o embarcadoiro de Valga.

Entre as actuacións incluídas tamén están as que se atopan na fase de tramitación ambiental, como as obras de nova construción, ampliación, reforma e mellora das instalacións de atracada de Sada, Rianxo e A Pobra do Caramiñal así como a ampliación de atraques de pasaxe en Cangas. Finalmente, está en fase de redacción do proxecto o pantalán para embarcacións menores pesqueiras en Celeiro, no concello de Viveiro.

Este esforzo investidor, que supón un eixe de traballo estratéxico para Portos de Galicia, redunda na mellora da seguridade dos usuarios dos portos e as súas embarcacións, así como da operativa portuaria e as condicións de traballo dos profesionais do mar. Ademais, xunto coas actuacións destinadas expresamente á dotación de prazas, as melloras dos últimos anos acompañanse da dotación de *fingers* e brazos de amarre, así como de servizos básicos, abastecemento de auga e subministración eléctrica.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Portos de Galicia conta a día de hoxe cun total de 14.331 prazas de amarre distribuídas en 66 dos 122 portos que xestiona ao longo dos máis de 1.700 quilómetros de franxa litoral. Destas, 10.174 corresponden a prazas do sector náutico recreativo -o 21% impulsadas pola iniciativa privada- e 4.147 son prazas do sector profesional, tanto pesqueiro como acuícola, impulsadas pola Administración pública.

